


Declaración de interese para NOVOS títulos de GRAO que se implanten no curso 2021/2022

Normativa reguladora máis relevante: RD 1303/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias oficiais, modificado polo RD 861/2010; Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanza universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo Decreto 161/2015, Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se describe o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2020.

Denominación do título de GRAO proposto	Filoloxía Aplicada Galega e Española
Centro de impartición na UVIGO	Facultade de Filoloxía e Tradución
 Obxectivos do título	<p>O coñecemento da lingua e da literatura dunha comunidade é imprescindible se se desexa coñecer a cultura, comprender as relacións sociais e participar no seu progreso. Este coñecemento non debe ser un simple estado contemplativo e analítico, senón que ten que ser sempre un coñecemento en proceso, en movemento, que sexa útil para o avance e a transformación social. Esta utilidade non pode darse sen que ese coñecemento actúe na sociedade e, para que actúe, é indispensable o uso das ferramentas axeitadas ao momento. Na sociedade actual, o tipo de ferramentas máis empregadas e influentes son, posiblemente, as dixitais; por iso, o grao en <i>Filoloxía Aplicada Galega e Española</i> pretende fusionar ambos os mundos, o coñecemento humanístico das linguas e literaturas e as ferramentas dixitais providas pola técnica moderna.</p> <p>Así pois, o obxectivo principal é formar persoas cun alto grao de coñecemento especializado no estudo das linguas e das literaturas galega e española que sexan capaces de participar e fornecer os seus coñecementos e valores no progreso da sociedade mediante a súa aplicación á sociedade en que viven por medio do uso das ferramentas dixitais.</p> <p>A consecución deste obxectivo susténtase en tres pilares fundamentais: ciencia básica, ciencia aplicada e incardinación social:</p> <p>a) Ciencia básica: é imprescindible un coñecemento teórico da lingua e da literatura galega e española tanto da actualidade como da súa evolución histórica; estes coñecementos son a base en que se apoia a ciencia aplicada.</p> <p>b) Ciencia aplicada: emprega os coñecementos da ciencia básica para a súa aplicación práctica; un destes ámbitos de aplicación é o emprego e xestión de ferramentas creadas a partir dos coñecementos proporcionados pola ciencia básica e, por outro, permiten a aplicación deses coñecementos teóricos da lingua e a literatura aos problemas prácticos da sociedade.</p>

c) Incardinación social: a interrelación entre eses dous coñecementos, básico e aplicado, posibilita a incardinación dos profesionais na sociedade actual, sociedade que é multicultural e multilingüe e, por iso, aberta ao mundo polo que se torna necesario o coñecemento doutras linguas e culturas.

Co obxectivo xeral e estes tres piares fundamentais, pódense concretar seis obxectivos específicos para o grao en *Filoxia Aplicada Galega e Española* que son os que determinarán e quedarán reflectidos detalladamente nas competencias:

- Dotar o alumnado dun coñecemento integral científico e rigoroso da lingua galega ou española e das súas literaturas que provea das habilidades e coñecementos necesarios para o desenvolvemento óptimo da actividade profesional nos ámbitos da docencia, da comunicación e das industrias culturais.
- Fornecerlle ó alumnado un dominio suficiente do portugués e doutra lingua da Unión Europea que o facilite para facilitar os intercambios interculturais e transmitir a cultura propia, así como para ser competitivo no ámbito das industrias do galego e do español no estranxeiro.
- Dotar o alumnado de capacidade abunda para a avaliación e o emprego de ferramentas dixitais que poñan ao servizo da sociedade os seus coñecementos lingüísticos e literarios e lle sirvan a esta no seu progreso e mellora.
- Prover o alumnado de espírito crítico, autónomo e colaborativo que lle permita dar unha resposta libre aos problemas sociais dunha sociedade globalizada, así como empatizar coas situacións de desigualdade social ou de xénero e de sostibilidade ambiental.
- Desenvolver a capacidade de aplicar os coñecementos ás necesidades laborais concretas das principais saídas profesionais, incluída a capacidade de adaptación aos cambios que co paso do tempo estas demandan.
- Formar o alumnado en habilidades creativas e de comunicación, que abrangan tamén os novos formatos tecnolóxicos e audiovisuais, e favorecendo o traballo en equipo.

Todos estes obxectivos condénsaos a denominación do título do grao proposto, tan transparente coma preciso, que conxuga o desenvolvemento profesional inherente ao dominio **filolóxico** (lingüístico e literario) coa **aplicación** das destrezas adquiridas, nomeadamente as **dixitais**, a un mundo laboral variado.

Data da xunta de centro en que se aproba a proposta	17 de febreiro de 2020	
Persoa de contacto no centro	Nome: José Francisco Montero Reguera Email: ffr.decan@uvigo.es Teléfono: 986812375	
É a proposta un título de GRAO ligado a competencias profesionais reguladas	<input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:	
	<input type="checkbox"/> Non <input checked="" type="checkbox"/> Si	
Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanza universitarias oficiais?	Indicar cales: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <ul style="list-style-type: none"> • A nova titulación ten en conta a estrutura económica da comunidade autónoma de Galicia, as necesidades do seu mercado laboral e a existencia dunha demanda real por parte da sociedade e dos/das estudantes, procurando a incorporación de perfis profesionais de futuro e vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia. • Ten un carácter esencial e estratéxico que dá resposta ás necesidades formativas e científicas do Sistema Universitario de Galicia. • Acredita a súa viabilidade económica, atendendo aos recursos dispoñibles. • Fomenta o espírito emprendedor e o autoemprego. • Ten en conta cuestións de oportunidade, innovación docente e investigadora así como a súa incardinación en redes internacionais de calidade e coherencia cos plans estratéxicos das universidades. • Inclúe unha descrición dos mecanismos que permitan, de ser o caso, unha revisión da titulación de se produciren cambios significativos na demanda por parte da sociedade, dos/as estudantes e do ámbito económico e profesional. • Non coinciden con obxectivos e contidos doutros títulos oficiais existentes na mesma universidade nin no Sistema Universitario de Galicia. • Xustifícase o encadramento da proposta dentro da oferta global galega, a fin de garantir o equilibrio nos diferentes campus, e potenciar a súa singularidade dentro do Sistema Universitario de Galicia. 	

	<input type="checkbox"/> Non <input checked="" type="checkbox"/> Si Indicar cales: <ul style="list-style-type: none"> • Inclúe actividades docentes e de avaliación en rede. • Ten un deseño curricular que favorece a empregabilidade. • Favorece a retención de talento no ámbito socioeconómico galego. • Os estudos estrutúranse a partir dun modelo que recolle materias compartidas nos primeiros cursos do grao en <i>Linguas Estranxeiras</i> e que presenta unha adecuada diversificación nos últimos cursos (cfr. <i>infra</i>), co obxectivo de facilitar a mobilidade dos/as estudantes entre as diversas opcións e mellorar a eficiencia no uso dos recursos.
Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación)	H03, H04, H10, H11, H12, H05
Incluir unha breve ainda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do grao e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011	Este grao nace da necesidade de mellorar a oferta que a Universidade de Vigo propuña co grao <i>Cincaia da Linguaxe e Estudos Literarios</i> para aproveitar os recursos materiais e humanos da universidade así como para conseguir unha reestruturación máis racional dos obxectivos didácticos e das competencias pedagóxicas e profesionais. Na Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT) da Universidade de Vigo existen nestes momentos tres graos: <i>Tradución e Interpretación (TI)</i> , <i>Linguas Estranxeiras (LE)</i> e <i>Cincaia da Linguaxe e Estudos Literarios (CLEL)</i> . Estes dous últimos graos (LE e CLEL) converxen parcialmente nalgunhs obxectivos e competencias semellantes sobre todos dous primeiros cursos, diferenciándose fundamentalmente polas linguas obxecto de estudo; o grao aquí proposto comparte con LE 90 créditos no primeiro ciclo, de xeito que se maximize o aproveitamento dos recursos sen o menoscabo da calidade do ensino e poder, así, facer unha oferta máis atractiva e adecuada ás necesidades dunha sociedade que percorre o camiño cara á internacionalización. O grao en <i>Filoloxía Aplicada Galega e Española</i> pretende dar resposta a diversas necesidades sociais da súa contorna próxima. Por unha banda, persegue formar profesionais no ámbito da lingua e literatura galegas e españolas que posúan unha formación rigorosa e actualizada, ao combinárense os coñecementos lingüísticos e literarios para que poidan exercer o seu labor en ámbitos

tradicionais como a docencia de primeira lingua, pero tamén en ámbitos moi puxantes hoxe en día como a docencia de segundas linguas, o ensino a inmigrantes ou a lingua de signos, así como abrir ao alumnado egresado un abano maior de posibilidades dentro do mundo da comunicación, da dixitalización, das industrias culturais e do lecer, o intercambio cultural e todas aquelas actividades humanas en que a linguaxe e a cultura literaria constitúen un elemento fundamental, sen, por iso, renunciar á tradición filolóxica.

Coa súa oferta docente, pretende, ademais, facilitarlle aos/ás egresados/as a súa actividade dentro do contexto socioeconómico en que se atopa, o máis próximo, dentro da eurorexión Galicia-Norte de Portugal e, o máis amplo, a Unión Europea, facilitándolle, por unha banda, as destrezas lingüísticas e culturais necesarias para comprender a outra cultura e, por outro, unha ampla batería de ferramentas sólidas para transmitir a cultura propia, sempre dentro do respecto e coa posta en valor do intercambio cultural como elemento enriquecedor.

A formación nas dúas linguas que coexisten en Galicia é crucial no desenvolvemento das destrezas básicas, transversais, para a cidadanía. Non se pode esquecer que este novo grao foi nas súas orixes o resultado da fusión de dúas licenciaturas que xa se encontraban entre as primeiras implantadas na Universidade de Vigo tras a súa creación. A súa eliminación do mapa de titulacións de Galicia tería consecuencias negativas sobre a formación de profesorado de lingua e literatura galega e castelá, sobre a preparación doutros profesionais das industrias da lingua, o ensino de lingua de signos e a perda da especialización en termos de dixitalización e creatividade.

A FPI recibe máis de 200 estudantes estranxeiros/as cada ano entre ERASMUS, ISEP e outros programas de intercambio. A Universidade de Vigo perdería gran parte do seu atractivo para este estudiantado internacional se non hai estudos de galego e español.

A implantación deste grao non supón custo social nin económico para o Sistema Universitario Galego, xa que os principais departamentos implicados contan con profesorado consolidado para impartir a totalidade das materias do mesmo.

A estrutura

O novo grao distribuirá os catro anos do plan de estudos en dúas fases ou ciclos: un primeiro ciclo de dous anos de formación básica e obrigatoria, e un segundo ciclo de formación máis especializada orientada cara a unha das dúas linguas centrais do grao: ou o galego ou o español.

Nos dous primeiros anos, o grao proporcionará fundamentos teóricos e aplicados nas linguas e literaturas galega e española, en historia, en lingüística (teórica e aplicada) e en dous idiomas modernos. A orientación das materias buscará en todos os casos proporcionarlles aos/as estudantes non só bases teóricas sólidas, senón tamén e sobre todo dominio instrumental das linguas implicadas e a aplicación dese coñecemento ás necesidades prácticas da vida contemporánea.

A estrutura indicada para os dous primeiros anos permite compartir 90 créditos comúns co grao en *LE*, máis 30 créditos específicos de galego e español.

Os/as estudantes cursarán, alén de galego e español, dous idiomas modernos dos xa existentes no grao en *LE* (alemán, francés, inglés ou portugués). A elas engadirase no novo grao tamén a opción de lingua de signos (cfr. *infra*).

Xa que logo, os estudantes saíran con formación en catro linguas: galego e español e outros dous idiomas modernos. Isto proporcionarlle ó noso alumnado unha formación con perspectivas moito máis amplias nos seus coñecementos lingüísticos e moita maior competitividade nun mundo global multilingüe, combinado coa necesaria e conveniente atención a minorías como a comunidade xorda.

Nos dous últimos anos (segundo ciclo) desenvolveranse dúas orientacións ou mencións (galego e español) centrándose no desenvolvemento e aplicación de destrezas a labores concretos. As materias orientaranse a satisfacer as necesidades do estudante de cara (i) ás saídas profesionais básicas e tradicionais desta titulación (profesorado de lingua e literatura no ensino medio), e (ii) a unha especialización do grao relacionada coas novas tecnoloxías e a súa aplicación á vida empresarial e institucional, así como no desenvolvemento de novas destrezas derivadas das novas formas e formatos de comunicación.

Alguns dos puntos fortes e de especial interese que garanten a singularidade deste novo grao, alén dos xa mencionados, son:

- Libre deseño do currículo: ademais dos dous itinerarios propostos os/as discentes poderán deseñar libremente o seu currículo.
- Orientación aplicada: perfecto coñecemento, selección, dominio e aplicación dos modernos recursos dixitais e audiovisuais no terreo filolóxico.
- Capacidade para desenvolver a creatividade literaria.
- Enfoque práctico: o alumnado estraxá capacitado para responder ás necesidades requiridas polos distintos ámbitos laborais ben de xeito individual, ben en equipo.

	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de prácticas externas obnigatorias. • Introducción da lingua de signos: <ul style="list-style-type: none"> Incluir os estudos da lingua de signos española (LSE) neste grao permítenos innovar e dar solucións que responden a unha demanda social urxente que se xustifica porque na actualidade non existen na comunidade autónoma de Galicia estudos universitarios de Filoloxía da LSE. A incorporación da LSE responde ás necesidades dun mercado laboral que, por unha banda, existe especialistas no ensino da lingua e cultura da comunidade xorda e, por outra, demanda especialistas en multilingüismo e multiculturalidade, expertos en polo menos dúas linguas (orais ou signadas), para servir de ponte non só lingüística senón tamén cultural. A formación filolóxica na LSE é un bo complemento neste grao dende a perspectiva das técnicas de ensino das linguas orais/signadas, da comunicación en linguas e da planificación lingüística. Neste sentido, a inserción da LSE non será allea á especial situación da colectividade xorda galega e suporá un pulo importante no proceso de (re)construción dunha lingua de signos galega que aínda está percorrendo o camiño da oficialización (é salientable que a súa observación será única en todo o sistema universitario español).
--	---

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de GRAO que se pretendan implantar no 2021/2022 é o **20 de febreiro de 2020**.
- Enviar a verifica_grao@uvigo.es

Iolanda Galanes Santos, secretaria da Facultade de Filoloxía e Tradución da
Universidade de Vigo

CERTIFICA:

Que tal como consta na acta correspondente, a Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, na súa sesión ordinaria do 17 de febreiro de 2020, aprobou por asentimento a declaración de interese de verificación da memoria do Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios.

E para que así conste para os efectos oportunos, expido este certificado en Vigo o 17 de febreiro de 2020.

